

A fenda dixital é unha nova forma de desigualdade

Os docentes cren que as Administracións están máis preocupadas por dotar aos centros de ordenadores que por ter en conta as necesidades de infraestruturas e de formación de cada centro ■ Aos mestres preocúpalles tamén outra fenda: a xeracional

Cristina López

■ A competencia dixital e as ferramentas TIC e as implicacións educativas da fenda dixital son só algúns dos conceptos que se abordan no último número da *Revista Galega de Educación*, que dirixe Xesús Rodríguez Rodríguez, que é ademais vicedecano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, e tamén no libro que recolle os traballos presentados no primeiro congreso ibérico *A fenda dixital: as tecnoloxías da información e da comunicación, retos para a educación do futuro*, celebrado en setembro do 2005 en Silleda.

Para Xesús Rodríguez, falar de fenda dixital é facer referencia a un problema emerxente, «unha nova forma de desigualdade» que se configura no entorno dixital. En calquera caso, cre que se hai que referir a ela en sentido plural, é dicir, habería que falar de varias fendas en todo o relacionado coas TIC. Así, para empezar, estaría o tema da dotación, que, segundo el, non é nin moito menos igualitaria, porque uns centros están moi ben dotados e outros teñen moi poucos medios. Despois viría a formación, onde os desaxustes son tamén moi evidentes, posto que hai docentes que levan moito tempo traballando coas novas tecnoloxías, pero aínda quedan moitos outros cun descoñecemento case absoluto destas ferramentas.

En opinión do director da *Revista Galega de Educación*, a raíz do problema está en que «nestes momentos hai moita



ÁLVARO BALLESTEROS

A revista que dirixe Xesús Rodríguez ten un sección sobre TIC

xente interesada no que serían os coñecementos informáticos, pero moi poucos preocupados por favorecer o uso pedagóxico das tecnoloxías, por formar ao profesorado para a aplicación pedagóxica das TIC».

Por outra banda, como sinala Rodríguez, non hai que esquecer que o acceso á información non é o mesmo nos contextos

rurais e urbanos, e que aínda nestes é considerable o descoñecemento que existe en canto á tipoloxía dos recursos existentes. Ademais, pensa que figuras que se están poñendo en marcha, como a dos dinamizadores tecnolóxicos, non están a cumprir axeitadamente a súa función porque «saben moito de informática, pero de ensinar

GALEGO NA REDE

O problema do idioma

■ Tal como se apunta na «Revista Galega de Educación», en Galicia non existen plataformas educativas na Rede que permitan, ao profesorado e ao seu alumnado, navegar pola información na nosa lingua e crear actividades didácticas, e que posibiliten o desenvolvemento de canles de comunicación con outras realidades da nosa contorna cultural.

Experiencias

■ As experiencias máis salientables que tiveron lugar nos últimos anos en Galicia son a web institucional da Consellería de Educación, os proxectos independentes Lapis de cores e Edugaliza, e por último, o proxecto Lanzadeira, dos Centros de Formación e Recursos de A Coruña, Ferrol e Santiago. Tanto Edugaliza e Lapis de cores como a proposta da Consellería de Educación están centrados na recompilación de contidos didácticos. Tamén na nosa lingua, moreas e moreas de iniciativas xorden dos propios usuarios.

coas novas tecnoloxías, nada de nada».

Por se todo isto fose pouco, Xesús Rodríguez Rodríguez engade a toda a problemática que trae consigo a fenda dixital, outra fenda máis, a xeracional, entre mozos criados na cultura do audiovisual e o dixital, e profesores que apenas saben tocar un ordenador.

Recursos tecnolóxicos de máis calidade e menos cantidade

■ Logo do dito parece claro para parar a fenda dixital non chega con dispoñer de máis medios. Como di Manuel Area Moreira na revista antes mencionada, «o máis importante non é a cantidade de cacharros ou ferraxería industrial que exista nun centro, senón o tipo de actividades didácticas que os alumnos realizan coa tecnoloxía e a aprendizaxe que con ela se desenvolve».

Pensando no uso pedagóxico das novas tecnoloxías, dende as páxinas da Revista Galega de Educación incídese noutro feito, que é a diversidade de situacións e niveis cos que os profesores se poden encontrar nos centros educativos. Preci-

samente neste sentido, Manuel Area sinala: «O proceso de transformación e adaptación da escola e das súas metodoloxías de ensino ás necesidades e características da sociedade da información irá producíndose paseniño. Nestes momentos o profesorado o que precisa é máis cantidade e calidade de recursos tecnolóxicos nos centros, máis investimento en formación, máis servizos de apoio e asesoramento; máis estímulos para o traballo en equipo e máis produción e oferta de materiais didácticos dixitais». Só así será posible evitar que existan centros cun grande número de aparatos, pero sen conexión a Internet.

Dos movementos de renovación pedagóxica ás vilas dixitais

■ Os movementos de renovación pedagóxica e os grupos de investigación que dende as universidades traballan en cuestións relacionadas coas TIC son só algúns dos colectivos que están actuando para frear a fenda dixital. Neste eido habería que destacar tamén iniciativas como a das vilas dixitais, pensadas para que máis xente teña acceso ás novas tecnoloxías.

Como reconece Jordi Adell nun dos artigos da Revista Galega de Educación «o que realmente debe facernos albergar esperanzas é o crecente número de docentes que utilizan Internet para crear xuntos e compartir

materiais adaptados aos seus alumnos».

Outro feito que convida ao optimismo son as propostas de novos currículos para a educación non universitaria en Galicia, que, segundo manifesta Xoán Carlos Albarcellos na revista, incorporan liñas de actuación no que atinxe ás TIC «que poden ser instrumentos eficaces para o impulso definitivo na integración do mundo dixital nos centros educativos. A presenza entre as competencias básicas do alumnado da denominada competencia dixital promete ser un elemento que permita percibir cambios notables nuns anos».

CONVOCATORIAS Y LICITACIONES

CULTURA

Ayuda: Convocatoria de propostas EACEA/23/07. Programa Cultura. Estimular sinergias que den lugar a una cooperación cultural sostenible a escala europea, mediante la promoción de la movilidad transnacional de las personas que trabajan en el sector cultural, la circulación transnacional de obras y productos artísticos y culturales y el diálogo intercultural.

Beneficiarios: Organismos públicos o privados con personalidad jurídica, cuyo domicilio legal se encuentre en uno de los países que participen en el Programa.

Plazo: 31/10/07

Ámbito: UE.

Organismo: EACEA, Comisión Europea.

Referencia oficial: DOUE 2007/C184/04

Fecha publicación: 07/08/2007

AUDIOVISUAL

Ayuda: Convocatoria de propuestas EACEA/18/07. Medidas de apoyo a la promoción y el acceso al mercado. Facilitar y fomentar de obras audiovisuales y cinematográficas europeas en mercados profesionales y en festivales audiovisuales.

Beneficiarios: Organismos europeos establecidos en uno de los Estados miembros de la Unión Europea.

Plazos: 15/10/07 y 30/04/2008.

Ámbito: UE.

Organismo: EACEA, Comisión Europea.

Referencia oficial: DOUE 2007/C196/09

Fecha publicación: 24/08/2007

PARTIDOS POLÍTICOS

Ayuda: Convocatoria de propuestas (Nº VIII-2008/01). Subvenciones para los partidos políticos a nivel europeo.

Beneficiarios: Partidos políticos a escala europea que: tengan personalidad jurídica en el Estado miembro donde esté localizada su sede; estén representados en al menos la cuarta parte de los Estados miembros por diputados al Parlamento Europeo o en los parlamentos nacionales o regionales o bien haber obtenido en al menos la cuarta parte de los Estados miembros al menos el 3% de los votos emitidos en las últimas elecciones al Parlamento Europeo.

Plazo: 14/11/07.

Ámbito: UE.

Organismo: Parlamento Europeo.

Referencia oficial: DOUE 2007/C144/08

Fecha publicación: 29/06/2007

Información facilitada por



astron.brussels@skynet.be